



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Resolución da Alcaldía

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria-interventora de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

Expte. TEDEC: 2025/X998/000189 (Padróns e listas cobratorias).

Expte. TEDEC: 2025/G003/000758 (Decreto).

ASUNTO: Actualización tarifas do servizo municipal de abastecemento de auga potable para o ano 2026.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto que a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo fornecemento e acometida de auga do Concello da Baña publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 290 do 19/12/1998.

Visto que conforme á disposición adicional da dita ordenanza tódolos prezos a que fai referencia esta ordenanza serán incrementados anualmente segundo o índice de prezos de consumo relativo ao período que vai de setembro a setembro determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Visto que conforme ao índice xeral do Índice de Prezos ao Consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, **o IPC de setembro de 2024 a agosto de 2025 é de 3,30%** (*índices nacioanales de subgrupos. Unidades: tasas. Subgrupos: 044. Suministro de auga y otros servicios relacionados con la vivienda*).

Visto que consta no expediente desglose deste incremento en arquivo fornecido por Espina y Delfín, de data 26 de setembro de 2025, na súa calidade de empresa prestadora do servizo.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Aprobar a actualización dos importes das tarifas correspondentes á taxa polo fornecemento e acometida de auga do Concello da Baña para o exercicio 2026 en consonancia coa ordenanza fiscal de aplicación e co detalle obrante no documento fornecido pola empresa prestadora do servizo.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo ós efectos informativos das persoas contribuíntes.

TERCEIRO.- Se lle dea traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a súa notificación ós terceiros interesados que obren no expediente.

Mándao e asínao o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria-interventora Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.